

FICHA REPASO TEMAS 6/7/8/9.....1º BAC HISTORIA

Ola desde o posto de mando. Aínda que é algo reiterativo, debemos recalcar que non estamos de vacacións, senón en cuarentena (como en Ellis Island!!). Dado que, confinados nos nosos fogares, as posibilidades de entretemento son escasas (é broma, temos Netflix!!) aquí van unhas propostas de repaso dos temas que entrarán nun próximo exame, nunha data incerta.

- ☐ Serán corrixidos o primeiro día lectivo post-cuarentena
- ☐ Nese mesmo día haberá que entregar os traballos (repetidos) dos temas 8 e 9
- ☐ O luns 23 de marzo enviarei unha segunda ficha, sobre Hitler/Mussolini

Empecemos...

XEOGRAFÍA

1) En que país actual están...

Vladivostok:	Compiègne:
Ellis Island:	Versalles:
O primeiro voo:	A primeira proxección cinematográfica:
Petrogrado:	Bombay:
Canal de Suez:	Wall Street:

2) En que continente está...?

Transiberiano:	Etiopía:
Indochina:	Manchuria:
Liberia:	Detroit:
Guerra dos boers:	Filipinas:

3) E a xa clásica pregunta sobre a nacionalidade

Ford T:	Irmáns Lumiere:
Eastman:	Dunlop:
Lenin:	Hoover:
Roosevelt:	Marconi:
Irmáns Wright:	Lesseps:

DEFINICIÓNS

- Escribe unha definición correcta (mínimo 15 palabras), cunha referencia cronolóxica axeitada

KERENSKI:

CONFERENCIA DE BERLÍN:

O XOVES NEGRO:

EUROCENTRISMO:

NICOLÁS II:

HOOVERVILLE:

A URSS:

A GUERRA DE TRINCHEIRAS:

O ARMISTICIO DE COMPIEGNE:

GAVRILO PRINCIP:

TAYLORISMO:

AUDIOVISUAL....Debes ver o documental sobre F. D. Roosevelt na seguinte dirección de Youtube

<https://www.youtube.com/watch?v=eZtWy3j9kkU>. O documental dura uns 40 minutos e debes completar o seguinte cuestionario:

DOCUMENTAL.....ROOSEVELT

- 1) Explica a situación económica de EE UU en 1932
- 2) Como denomina Roosevelt ao seu proxecto de reformas?
- 3) Cal é o resultado das eleccións de 1932?
- 4) Observamos a toma de posesión de Roosevelt en Washington. En que se parece á primeira toma de posesión de Obama?
- 5) En cuanto toma o poder (en 1933), Roosevelt aplica o seu programa. Explica as reformas o as novas leis referidas a...
 - ☐ loita contra o desemprego:
 - ☐ salarios:
 - ☐ protección social:

PROBLEMAS EXTERIORES

- 6) A Alemaña nazi. Por que era un problema para a paz en Europa?
- 7) Italia. Mussolini provoca ao resto de Europa coa invasión dun país africano. Cal?
- 8) España. Entre 1936/39, Guerra Civil. Quen apoia a Franco?
- 9) Escoitamos as sabias palabras de Roosevelt durante a inauguración dunha presa en Oregón. Podes resumir a idea principal deste discurso
- 10) Era Roosevelt pacifista ou militarista? Razo a túa resposta

O INICIO DA II GUERRA MUNDIAL

- 11) O Pacto de Munic. Chamberlain (líder británico) e Hitler teñen unha reunión en Munic. Hitler promete a paz a cambio de...
- 12) O 1 de Setembro comeza a II Guerra Mundial. Como?
- 13) Que decisión toma Roosevelt ante a inminencia da guerra?
- 14) A quen bando axuda EE UU proporcionando armamento?

A ENTRADA NA GUERRA

- 15) Que acontece o 7 de Decembro de 1941?
- 16) Que decide Roosevelt ante este ataque?

